

Ricardo Carvalho Calero maila súa familia.

Texto Henrique da Costa + Fotos Nós Diario

O Carvalho que abrochou de Ferrol Vello

Carvalho Calero porfiou na galeguidade da súa cidade natal. O seu Ferrol Vello, o máis enxebre e medieval, era barrio de pescadores: comercio de efectos navais, pazo con capela da familia dos Bermúdez, a igrexa do Socorro e a afamada Virxe da Parrocheira... Unha sorte de vila mariñeira ao xeito da veciña Mugar dos. Delimitábo o Cristo subindo por San Francisco, hoxe inexistente. A cidade ex-novo, a da Ilustración, nacía no momento en que a súa rúa natal se tornaba na Real, quebrando aquel ambiente castizo que el vivira en sendo neno.

"En Ferrol, na Praza Vella / bule o domingo de feira. // Vella praza mariñeira, / praza rachada e peixeira, / unha vegada por mes / faste interior e labrega", cóntanos o que sucedía por tras da súa casa de infancia, marcada esta pola desgraza da morte da nai cando el tiña 8 anos. Casado o

pai en segundas nupcias cunha cuñada, tamén falecerá ao pouco. Non é de estrañar que o escritor confese unha certa tendencia á melancolía, á introspección, ser un neno triste. A súa era familia da burguesía comercial acomodada, co pai consignatario de barcos, fornecedor da Mariña e do Exército. Prosperara economicamente durante a Gran Guerra, arruinándose tras a morte das esposas.

Parte da obra de creación, sobre todo narrativa e poética, nutrírase da súa biografía. Aínda que ficcionalmente, n' *O lar de Clara*, escrita na posguerra, xorden con nitidez os elementos acabados de citar, e moito máis tarde en *Scórpido*. A nai do protagonista morre en ambas, de gripe na primeira, de tifo na segunda. Dos seis fillos nados, dise na primeira novela, sobreviven catro, idéntico á vida da familia real; ou o papel de irmán primoxénito, afectuoso cos irmáns, bo estudante e que, como tantos rapaces ferroláns, anhelaba ser xeneral. As viven-

cias do veraneo vémolos nos contos *As pitas baixo a chuvia* e n' *Os tumbos*.

Carvalho mostrou aptitudes literarias ben cedo, con poemas nas revistas *Maruxa* e *Vida Gallega* ou no xornal *El Correo Gallego*. Confesábase poeta, por diante de tantos outros perfís como iría traballando co tempo. Achara rápido estímulo en Xaime Quintanilla, todo un referente da vida cultural e social fe-

rrólá naquela altura. Xa o neno Ricardo gustaba da zarzuela, precoz libretista dun relato que el transformou para tal, alén dunha comedia en verso baseada noutro de Antonio de Trueba. Calcula el, debía ter menos de 11 anos cando a peza teatral, e admite os versos seren disparatados. Mais moitas outras pezas, xa destruídas, abrollaran no seu maxín preadolescente.

O salto cualitativo virá en 1928 con *Trinitarias*, prologado polo seu profesor García Pereira, matemático e poeta. Achéganos composicións amorosas ou de amizade que perfilan retratos: o do prologuista ou certas mulleres amadas na adolescencia. Impera a vea modernista, so o influo dun Rubén Darío, e un claro lastre romántico propio da idade. Virá despois *La soledad confusa* (1932), tamén en español. Imbuído dunha prestancia acorde á Generación del 27, algúns romances de temática bíblica semellan de inspiración lorquiana.



PARTE DA OBRA DE CREACIÓN, SOBRE TODO NARRATIVA E POÉTICA, NUTRIRASE DA SÚA BIOGRAFÍA

especial Carvalho Calero

PÁXINAS PATROCINADAS



A biografía de Carvalho Calero atópase tamén espaxada pola súa obra ficcional.

Son poemas de adolescencia.

Mais foi o maxisterio do seu caro profesor Comellas Coímbra, latinista e dramaturgo, autor de *Pilara ou grandezas dos humildes*, o que sen dúbida marcaría a súa estrea na lírica en lingua galega: *Vieiros* (1931). Ora, menor non fora o pulo dado por García Pereira, director e fundador en 1933 do periódico *Erte*, órgano do PG en Ferrol. Colaborarían no semanario, entre outros, Suárez Picallo, Castelao, Pedraio, Bóveda, Cunqueiro, Risco ou o propio Carvalho Calero.

O gusto pola oratoria nace nel de xeito temperán. En 1919 dá unha conferencia no Centro Obrero de Cultura, froito dun traballo cando cursaba Dereito. Publícase en 1929: *En torno a las ideas comunistas de Platón*. Militante do PG desde a fundación, o seu activismo político motivábase razóns patrióticas, cunha inclinación intelectual preeminente, e chega a redactar o Anteproxecto de Autonomía.

En suma, a vocación de servizo en Carvalho pesaba de forma nítida. Activismo cultural en Ferrol, como as conferencias no Ateneo Ferrolán, ou a amizade trabada con Iglesia Alvariño de cando este está a facer o servizo militar na cidade e se len poemas; Aquilino do que logo será o seu *Corazón ao vento* e Carvalho d' *O silencio axionllado*.

O formigo polo galeguismo levábase xa de Ferrol cando chega

MILITANTE DO PG DESDE A FUNDACIÓN, O SEU ACTIVISMO POLÍTICO MOTIVÁBANO RAZÓN PATRIÓTICAS

a Compostela. De aí que o seu ingreso no Seminario de Estudos Galegos se antolle natural, e o desexo de querer exercer a docencia, pese a ter acabado Dereito e tirar unha praza de administrativo ao Concello de Ferrol. Casa un ano despois, en 1933, e licénciase en Filosofía e Letras. Cunha excedencia para se presentar a oposicións de ensino en Madrid, apáñao alí a guerra. Participará na defensa de Madrid e no Exército de Andalucía. Son memorábeis episodios da guerra recollidos en *Scórpico* ou poemas como "Rolda de morte", "Non sei se matei" ou "Fugámos da nosa vila".

Condenado ao cárcere, regresa a Ferrol de Xaén en 1941, vivindo precariamente. Expedientado para a función pública, traballou de docente grazas á xenerosidade de determinadas direccións. O poema "Como podemos vivir?" transmite á perfección ese estado de abatemento e represión. Sobre-

vivirá escribindo para *La Noche* compostelá artigos de literatura sobre Rosalía, sobre *Pilara*, de Comellas Coímbra... Escribe versos para a colección de poesía Benito Soto, traballos para o Centro Galego de Bos Aires, colaboracións radiofónicas en galego para BBC de Londres... Tampouco cesará de escribir literatura de creación: *A sombra de Orfeo*, *a Farsa das zocas* e *A árbore*, tres pezas teatrais.

O FORMIGO POLO GALEGUISMO LEVÁBAO XA DE FERROL CANDO CHEGA A COMPOSTELA

A súa verdadeira eclosión creativa terá recompensa con *A xente da Barreira*, novela que segue a senda da crise da fidalguía, ambientada no centro-leste da provincia de Lugo e protagonizada polos Frade de Eirís, premio da Editorial de los Bibliófilos Gallegos de Compostela no 49, saíndo á luz en 1951. Tras vinte e nove os anos de residencia en Ferrol, con intervalos de seis en Compostela por estudos e servizo militar, tres na guerra por terras de Madrid e Valencia, e os dous de prisión en Xaén, trasládase a Lugo. O mecenas e empresario Antonio Fernández López requíreo para a dirección do Colexio Fingoi, inspirado nunha concepción pedagóxica renovadora. Foron, por fin, quince anos de desafogo económico, creatividade e ensino, o seu revulsivo desde 1950. Ora, Compostela e a docencia universitaria, derradeira etapa vital e novas angueiras, agardaban por el a partir de 1965.

A profesora e investigadora María Pilar García Negro debulla a figura de Ricardo Carvalho Calero neste texto, que viu a luz por primeira vez no número 139 do semanario *Sermos Galiza*, en 2015.

Texto **María Pilar García Negro** + Fotos **Nós Diario**

As mans de Carvalho Calero a desprazar as follas dun libro na exposición.

O mérito do traballo, o valor da historia

Ricardo Carvalho Calero: a voz do rigor

Xa vai para catro anos (1 de Xuño de 2011), unha servidora publicaba un artigo no extinto *Xornal de Galicia* (desaparecido por orde da superioridade), artigo que dei en titular "Un verso infeliz". Nel, facía referencia a un volume, algo desfarrumallado, do libro *Vieiros*, de Ricardo Carvalho Calero, publicado en 1931. Este exemplar –que posuímos grazas á xenerosidade de Margarida Carballo Ramos– é o que o autor dedicara a Rodrigo Sanz. Este político agrarista e rexionalista moderado, que fundara o Ateneo ferrolano onde un mozo Carvalho proferira unha conferencia, leu, polo que demostran as súas anotacións, moi atentamente este volume poético daquel escritor novel de 20 anos. Cualifica, en xeral, positivamente os seus poemas, mais hai un apontamento nun deles, o titulado "Noiturno composte-

lán", que chama particularmente a atención. É o que reza: "Buena. Otro verso final infeliz por corto". Este verso *defectuoso* di así: "n-un rexurdir grorioso da Galiza". Todo o poema –evocación da praza da Quintana baixo o luar–, está escrito en versos de catorce sílabas e rima asoante nos pares, e finaliza con este, de once. Tal e como o lemos, este final non se debe á impericia do autor, mesmamente moi sabedor da preceptiva e da retórica poética, senón á vontade de marcar un presente aberto a expectativas melloradas, un futuro de rehabilitación para a nación, desexada na mención previa da praza da Quintana, onde tiñan lugar os mítins das arengas, por exemplo, como preludio e celebración do Día da Patria Galega. O verso "infeliz", na lectura de Rodrigo Sanz, na realidade cómpre conectalo a unha evocación poética onde onde van comparecer o arcebispo Xelmírez, o mestre Mateo ou a raíña Urraca, elementos

dunha historia galega que había de volver por si, na ansia do rexurdimiento desexado. Eis a primeira e a derradeira estrofas:

Os sinos esgazaron a tea do silencio. / do outo do campadario, como pombas feridas / polos dardos do tempo, besteiro inmorredoiro, / caíndo en col da noite as badaladas ían.

CARVALHO NON SE AFILIA Á DESERCIÓN NEN SEGUNDA OS PLANOS PIÑEIRISTAS DE DILUCIÓN DOS 'GALEGUISTAS' NOS PARTIDOS ESTATAIS

Na noite recendente de arumes centearios / A voz fonda sômentes do silencio s'ouvía. / A praza da Quintaa, baixo o luar, soñaba / n-un rexurdir grorioso da Galiza.

Un verso infeliz. Tal foi o decreto que se cerneu sobre Carvalho cando decidiu ser un *verso libre* e, na derradeira década da súa vida, reatar a súa biografía con aqueles anos da mocidade republicana e nacionalista, abruptamente interruptos pola guerra civil española e a barbarie nela desatada e alongada durante toda a duración do rexime ditatorial. Sempre se reclamou dun único partido, o Partido Galeguista de antes da guerra, e sempre se manifestou leal ao seu ideario e á súa práctica. Nunca admitiu ser considerado un *heterodoxo* ou un *disidente*, xustamente por se considerar fiel a aquela ortodoxia. Mais dáse a circunstancia de que cando se selou a defunción de-



especial Carvalho Calero

PÁXINAS PATROCINADAS



Ricardo Carvalho Calero,
entre amigos.



finitiva daquel partido por quen administraban a súa sigla e xa tiñan máis que decidida a súa liquidación, Carvalho non se afilia á deserción (Realidade Galega) nen secunda os planos piñeiristas de dilución dos *galeguistas* nos partidos estatais-españóis (Fernández Albor: Alianza Popular; García-Sabell, UCD-PSOE; Ramón Piñeiro, Carlos Casares, Benxamín Casal e Alfredo Conde, *independentes* nas listaxes do PSOE para as primeiras eleccións autonómicas de 1981 e, ao fin, deputados deste grupo parlamentar na primeira Cámara galega). Carvalho nen secunda esta política nen asegunda o nacionalismo galego que profesara e que, no comezo da década dos oitenta, xa tiña outros titulares, outras siglas, outra organización e outras miras de concienciación e de mobilización social. Colaborou, por iso, activa e cordialmente, en e con actos organizados polo

BNG, por asociacións culturais nacionalistas, coa AS-PG, con AGAL, coa Mesa pola Normalización Lingüística, que nacera na primavera de 1986. Del foi o discurso que puxo o ramo ao nacemento desta asociación.

Voltemos a anos anteriores. Tanto na Real Academia Galega (onde ingresara no 17 de Maio de 1958 cun discurso sobre as fontes literarias de Rosalía de Castro) como na editorial Galaxia, Carvalho dá mostras cumpridas de ser o intelectual mellor preparado da súa xeración e aquel, dos sobreviventes ou dos residentes na Galiza, a quen se lle podía e debía encomendar a elaboración da gramática moderna do galego ou da primeira historia da literatura contemporánea realizada con rigor e criterios científicos e solventes. Relembramos as datas. A segunda coñece a súa primeira edición en 1963; a primeira ve a luz en 1966 e acadará sete edi-

cións. Non por casualidade. No ecuador desta década de sesenta nacen a Unión do Povo Galego, o Partido Socialista Galego, asociacións culturais decisivas como, por exemplo, O Galo ou O Facho, en Compostela e na Coruña respectivamente. Que queremos significar? Había *fame* de coñecer e practicar con autenticidade e corrección o galego e, por suposto, de se informar sobre unha das súas artes fundamentais, a literatura. Carvalho serviu estes cometidos co máximo pundonor e seriedade. A partir da fin da década de setenta e ao longo de toda a seguinte, decrétese o seu *desterro*, polas razóns antes comentadas. No medio e medio desa década final da súa vida, non ten onde publicar a novela *Scórpio*. Farao, xestión mediante de Francisco Pillado, na editorial Sotelo Blanco. Igualmente, as súas memorias dialogadas, publicadas tamén nesta editora, da autoría

do escritor citado e mais de Miguel Anxo Fernán-Vello, sofren contundentes presións para evitar a súa saída como libro.

A obra extensa, inmensa en número e perfectamente salvábel en calidade e rigor (o que non implica, como se nos caricaturiza a quen así o recoñecemos, adoración acrítica, ou seguimento reverencial ou

mimetismo analítico) de Carvalho aí está, fala por si mesma e a ela nos referimos no noso libro *Ricardo Carvalho Calero: a ciencia ao servizo da nación*, continuación doutros previos da asociación cultural Medulio, de Ferrol, de Aurora Marco, Martinho Montero Santalha, Carmen Blanco, Francisco Salinas ou Reimunde Noreña, para alén das memorias antes citadas. Volumes póstumos como *Do galego e da Galiza* ou *Umha voz na Galiza* continúan a conter textos utilísimos para a diagnose da nosa lingua e para completarmos o coñecemento preciso da nosa literatura.

25 de Marzo de 2015: 25 aniversario do falecemento de Carvalho Calero. A súa obra segue a ser viva, valiosa e útil. Leámola e aproveitémola sen caricaturas.

Este texto de María Pilar García Negro foi publicado no número 139 de *Sermos Galiza*, a 26 de marzo de 2015 (A Fondo 104).

**CARVALHO
DÁ MOSTRAS
CUMPRIDAS
DE SER O
INTELECTUAL
MELLOR PREPARADO
DA SÚA XERACIÓN**

Um percurso que nos mostra parte da história da língua galega e um achegamento ao ensaio *Problemas da Língua galega*, que Ricardo Carvalho Calero publica em 1981 na editora de Lisboa Sá da Costa.

Texto Alexandre Banhos Campo + Foto Nós Diário

A História clínica da nossa Língua na Galiza

Debulhando o pensamento de dom Ricardo Carvalho Calero

Uma das afirmações recorrentes de Carvalho era insistir que nós e a nossa língua tínhamos uma história clínica.

Quando começa? Pois quando uma certa normalidade, que no reino do norte já levava algum tempo em problemas, -perdida a Corte do reino-, esse lugar, onde segundo a primeira gramática da nossa língua, a de Fernão de Oliveira 1536, as palavras se cozinham e acham o brilho.

Como foi a Galiza virarmos dous reinos: a cousa é simples, Portugal é a criação indireta de Gelmirez, a melhor cousa que ele fez. Galiza sem Portugal seria um espaço como o do asturoleonês.

Na Galiza, nesse espaço de entre o Ortegal e Douro, nasceu a nossa língua, que é a nossa criação mais original, e verdadeira alma coletiva do nosso povo. A cabeça do território era Braga. Foi-no da província romana da Galiza. Logo do reino dos galegos (galaeciorum regnum 411). Logo de novo do reino da Galiza etc. E a Braga cabeça civil, virou como cristã cabeça da Galiza e como tal continuou até 1495, além de se converter na cidade primaz de Portugal.

Compostela foi uma criação motivadora da Hispania, frente ao domínio muçulmano. A Sé do bispo não se estabeleceu em

Compostela até passados mais de 200 anos. Porém vinha recém de se estabelecer e caiu nas mãos de quem era bem ambicioso e sonhava com dirigir, como Sé apostólica, toda a península. Que a ambição era peninsular temo-la no facto de quando ao nené Afonso, sob a sua tutela, o proclama rei da Galiza, também o faz de Toledo. E Braga cabeça é com certeza o primeiro espaço para ele ocupar, a Braga da que dependia, logo viria Mérida, e tentaria Toledo...

As manobras, da nova sé de Compostela (Gelmirez) para ocupar a posição da sé de Braga (Paio), deu lugar a um conflito que acabou na divisão do reino em dous. A divisão, não foi obstáculo para Braga conseguir manter, -desaparecido Gelmirez- a cabeça religiosa de muitas entidades, instituições e sés religiosas da Galiza até 1495.

O território ao norte usufruiu para o seu reino o nome de Galiza. O território ao sul, tomou o da velha cidade galega Portus-Cale.

No reino do norte, Compostela era muita cousa, e ela e a sua ideologia o *compostelanismo*, seguiam com uma só aspiração, governar a península. Em 1230 falece o nosso rei Afonso VIII, e frente ao seu testamento -norma legal obrigada-, e que era oposto a união com Castela, manobra Compostela e Castela



(ante o papa) para que a unidade, com um rei galego, da casa dos Reimundez, se produza. Bem que nos fornece os dados Emílio Gonzalez Lopes de como as sés que dependiam e obedeciam Braga se opunham a Compostela, e eram maioria, estavam no grupo inclusas Samora e Oviedo.

Isso foi grande sucesso do Compostelanismo, até a lírica em língua galega mandavam na Corte de Castela.

Porém o jogo peninsular acaba por colocar à Galiza compostelã na periferia e pronto novas elites reais não ligadas a Galiza assenhoreariam o reino de Castela.

A nossa experiência clínica

No primeiro de março de 1476, tem lugar em Toro, a batalha mais decisiva para o futuro da península ibérica e para a nossa história. Para o reino do norte quase mortal, para o

reino do sul, lá esteve a semente da sua ocupação por quem levava a coroa de Castela em 1580. Nessa batalha dá-se a virada da coroa de Castela para Aragão. (Os catalano-aragoneses pensavam que fizeram bom negócio... E que isso de tanto monta monta tanto, era um sério projeto de futuro)

Após essa batalha Galiza sofre dura guerra de castigo que se prolonga por bem anos. O país é destruído a fundo. Sabiades que Ourense, repetidamente atacada, só foi submetido após um cerco de 11 meses, e que Ponferrada custou-lhe também muitos meses o submetê-la aos castelhanos...

Era a chamada guerra de Doma e castração (Na crónica deles): Para a Galiza foi: Destruição da sua economia, proibição das relações económicas internacionais que havia, destruição da sua nascente burguesia. Aos aristocratas (classe

especial Carvalho Calero

PÁXINAS PATROCINADAS



Ricardo Carvalho Calero.



tes da monarquia de Castela, e num processo de humilhação ao nosso povo, verdadeiramente inacreditável, os seus votos e representação nas Cortes são entregues à cidade de Samora.

A documentação toda da Galiza era em galego. Mas agora declaram que só vão valer as escrituras dos escrivãos da escola de Toledo. Dizem alguns, que a nossa língua não se proibiu. Mas quem sabia ler e escrever? Os religiosos, os aristocratas, os burgueses. E onde iam aprender agora e com quem, etc.. Não sumiu a nossa língua por vontade dos galegos se não por imposição. A Galiza tornou-se agrafa, e as novas realidades lhe chegam na língua do poder, o castelhano. E pouco a pouco vão apagando a nossa história dos carros e carros de documentos que existiam na nossa língua, de que falava Sarmento, como se fossem um sonho. Ainda que a nossa Língua, é a língua falada e vivida polo cento por cento do nosso povo.

Em meados do século XIX renasce para a literatura uma língua estigmatizada, minorizada, banida das instituições e hostilizada pelo Estado. Popular e realmente falada, a língua galega começará a ser posta ao serviço dum movimento cultural.

E como escrevem? Da única maneira que sabem, aliás a única forma que podiam conhecer. O agrafa galego passou a escrever-se conforme a feição gráfica da língua oficial e única língua verdadeira. Entre as intenções do programa linguístico dos primeiros promotores da língua *regional*, de nenhum modo se encontrava a de concorrer com a língua *nacional*, cuja hegemonia estava fora de causa. Aliás isto se passou em mais lugares, por exemplo nas Astúrias, Sardenha etc.

Desde inícios do século XX, sectores da comunidade linguística galega transgredirão

normas imemoriais, e abrirão brechas em altos muros, passando a fazerem servir o galego como instrumento do discurso público e da ação política.

Murguia – Portugal manteve a nossa língua cuidada e protegida e além disso converteu-na na do Brasil. Antom Vilar Ponte: Quanto mais galego for o galego, mais português ele é. Leandro Carré: O português é o nosso mesmo idioma. Joham Carvalheira: A unificação ortográfica com o português é fulcral. Afonso Castelão: O galego é extenso e útil. Eu desejo que o galego se confunda com o Português. Irmandades da Fala: Temos que pôr as bases para convergirmos na ortografia com o português, *ortografia que é a nossa histórica e original*. Seminário de Estudos Galegos: Galego é português são a mesma língua.

Foram três décadas animosas e febris, férteis, que enveredavam por novos caminhos. Porém o levante militar fascista de 1936 cortou isso com feroz eficácia.

Escrever e meter a língua no traje da imposta por quem te domina e aliás é a única que se conhece, é o natural. Porém se um for livre isso é absurdo. Eis um exemplo: O galeguíssimo território do Couto Misto, em palavras de Garcia Manhã, foi o último naco incorporado à Galiza 1864, e após um referendo reclamado por Portugal, no que 860 pessoas votaram se unirem com Portugal e 1 com Espanha. Diz Garcia Manhã: Não entendo como ali nunca escreveram em galego sendo eles bem galegos. Sem reparar ele, que para escrever o *galego*, cumpre antes uma cousa, haver recebido o castelhano...e até lá não chegara.

Os remédios de Carvalho para a nossa sanção

Carvalho começava por exprimir esta sentença: ou o galego é galego-português ou é galego-castelhano. E o galego-castelhano é

muito forte na adesão da sub-comunidade linguística nossa no estado à comunidade castelhana, e é liquidador da comunidade galego-portuguesa. Para o galego-castelhano qualquer cousa que for castelhana pode-se passar por galega, mesmo por isso, por ser castelhana, e ao ser a língua imposta ao cento por cento da população, converte-se em língua teito e elemento de correção dos utentes do galego-castelhano.

Em 1981 Carvalho publica na editora de Lisboa Sá da Costa, o livro *Problemas da Língua galega*. Ele exprime na sua contorna de reintegracionistas e de amigos, que ao intitular enganou-se, pois ele tinha que o haver intitulado. "Problemas do português da Galiza". Pois para Carvalho o nome não deve ser causa de confusão, e o termo galego representa mais a nossa afirmação de formarmos parte do subconjunto Espanha, que da realidade linguística, cultural e nacional que somos. Para ele, a nossa língua, como língua internacional extensa e útil, tem a diversidade interna que é comum a qualquer uma das línguas internacionais que há no mundo.

A ele fazia graça, o problema de muitos com o jota... Custa de entender para esses, que não teriam problema os falantes de castelhano em usarem na nossa língua (e topónimos...) o som jota (g+e,i), como ele é, se eles não estivessem tão inseridos no universo da norma castelhana, que chegam a adotar o som do castelhano ao falarem na língua da Galiza. Se houver um mínimo de normalidade, a pronuncia castelhana dessa letra, daria riso.

Carvalho pensava que Espanha não sente a Galiza, como algo que lhe é consubstancial é próprio. Se isso for assim: Espanha amaria a nossa língua, reconheceria o direito a viver-

mos nela. Nem confundiria o conhecimento do castelhano com o direito dos castelhanos a serem atendidos na sua língua na Galiza de jeito universal, simples exercício de imposição. As relações com Portugal: meios, TVs... seriam o normal e não impedidas como estão.

Carvalho tendo em conta a "história clínica da língua". Ele, como Presidente da Comissão oficial de elaboração das normas da Língua galega (1980, Boletim Oficial de Galicia -pre-autonómica- núm 6), propõe na altura umas normas consensualizadas de mínimos de reintegração no modelo histórico, e nas que todos pudessem se sentir bem cómodos e ir avançando segundo as necessidades e a sua consolidação a começar pelas universidades etc. Mas foram por Espanha banidas. Como se viu, havia nelas o assalto aos nossos muros da subalternização espanhola.

Que diria hoje Carvalho do sucesso da normalização: Pois que sob a pretensa normalização da língua da Galiza, sempre inacabada, as autoridades espanholas apresentam a língua nacional carente de qualquer sentido de utilidade e expurgada da sua dignidade e da sua condição de ser uma das línguas europeias de maior difusão internacional, usada em todos os continentes, que com a variedade própria das línguas internacionais é falada por centos de milhões de pessoas no mundo. Que enquanto se reforça continuamente o fator da utilidade e a correspondente necessidade da língua castelhana; para a língua da Galiza, as políticas reduzem-na, a um sentimento carente de utilidade e necessidade, o que a faz perceber como uma escolha na intimidade privada e sentimental, despida do que é a realidade das línguas: Uma criação coletiva que se vive socialmente e como tal é necessária e útil.

dominante) são: Derrubados os castelos, ajustiçadas, (Pardo de Cela, Alvares Osório (Conde de Lemos)...), outros fogem e instalam-se em Portugal, e os mais são tirados do reino para a Corte. Não é casual que Andaluza e Castela estejam hoje em dia cheias de títulos de origem galega. A igreja e as ordens religiosas que ainda dependiam de velha capital da Galiza, Braga, passam a depender de Valladolid, e os cargos religiosos (o poder conformador do consenso ideológico), passam todos para elementos castelhanos. Desaparecem os galegos do aparato da administração e da justiça na Galiza. Há galegos em postos de responsabilidade civil e religiosa, mas sempre fora do seu solar pátrio, na Galiza só nas vagas de inferior categoria, ordenanças;. E isso durou até último quarto do século XIX. E a Galiza reino, se lhe retira o voto e participação nas cor-

A poesía de Carvalho Calero conta con adaptacións musicais aos máis diversos estilos. Ofrecemos un repaso polos seus versos a ritmo de jazz, punk, bossa ou pop, mentres observamos con impaciencia as novas versións que axiña han chegar.

Texto Irene Pin

Daniel Alonso, Raúl Diz, Arcadio Nóvoa, Jaime Mateo, Álvaro A. Rivera e Druso Pedrouzo son Os Amigos dos Músicos.

Os versos musicados de Carvalho Calero

Os ritmos que agocha a súa lírica

Malia ser a poesía de Carvalho Calero unha das faces menos coñecidas deste autor poliédrico, os seus versos atoparon (e van atopar, axiña descubriremos por que) na música numerosas adaptacións. E sen mengar a súa calidade como poeta, parte do mérito hai que atribuírlo ao concurso Musicando Carvalho Calero, un certame promovido pola Asociación Galega da Língua (AGAL) e Komunikando en 2010, en conmemoración do centenario do nacemento do ferrolán.

Así, con este pulo engadido, atopamos máis dunha vintena de versións musicadas da lírica de Carvalho que percorren os xéneros máis diversos: jazz, rock, punk, hardcore... Mais foron os acordes sincopados e plácidos da "María Silencio" de A minha embalada, coa doce e maxistral voz da angolana Aline Frazão, os que se fixeron co galardón, nunha expresión perfecta da integración da Galiza na lusofonía. Aínda que, de certo, o importante neste caso era participar.

Este texto do poemario *O silenzo axionllado* (1934) xa fora

interpretado tres anos antes por Fanny + Alexander, recollido no disco *Finais dos 70s, comezos dos 80s*. Ao pop únese unha voz electrónica que recita parte dos versos, co inconfundíbel selo poético que imprimía o dúo.

Outra interpretación de "María Silencio" chegará axiña da man de Carmen Penim, segundo nos confirma a cantante, dentro do próximo proxecto de 2naFronteira. Xa en 2015, o disco *Sons de Nós*, que musicaba poesía vencellada á revista *Nós*, incluía un tema de Calero: "Teño unha dor", co piano de Maurizio Polsinelli no acompañamento. "Houbo temas que ficaron fóra do disco", conta Penim, que agora, con motivo do centenario de Nós, farán parte dun concerto-exposición con estética de cómic, que estaba pensado para divulgar o autor polos institutos. Entre eles, seis poemas son de Carvalho.

Mentres agardamos o desenvolvemento da pandemia, dúas novas poesías verán a luz este domingo, con motivo do Día das Letras, e outras dúas agardarán até o 31 de outubro, a data alternativa de celebración da homenaxe. A de Penim debe ser a que



máis versos do ferrolán musicou, sobre todo da súa etapa xuvenil. "Uns foron máis doados de adaptar que outros", confesa. Por exemplo, "María Silencio" está a dar traballo. "É un texto moi longo e dá pena sacrificar unha parte", explica a artista. Persoalmente, o que máis atractivo lle resulta da poesía de Carvalho é a capacidade para "transmitir moito sentimento, mais dunha maneira próxima, fácil de entender mesmo para quen non consume habitualmente poesía".

A sedución da dúbida interna

Para alén de "María Silencio", houbo outros poemas do mestre que espertaron máis interese entre as bandas. "Nom sei / se matei. / Estivem / na trincheira. / Nom vim / o meu / inimigo. / Disparei. / Nom sei / se matei", comeza un dos textos de *Futuro condicional (1961-1980)* (1982). Foi esta incerteza torturada unha das que mais versións protagonizou, desde o rock do país de Ruxe Ruxe ao máis hardcore de Labazada.

A banda que capitanea Vituco Neira recorre á anadiplose para

alongar as frases e adaptalas mellor ás voltas de compases en catro tempos: "Fun ferido mais non sei / non sei se matei". Ademais, engaden algúns versos de colleita propia: "atravesan o meu ceu / o meu ceu e o do meu inimigo". O in crescendo final, cun memorábel slap do baixo, fura o dubidoso retrouso inevitablemente na cabeza: "Non sei eu non sei / non se matei".

Pola súa banda, Labazada tamén fai seu o tema agregando até unha estrofa: "Non sabes onde está o inimigo / se está fóra ou está dentro contigo / non sabes onde viran as balas / nin se che dará

"A ORQUESTRA FILARMÓNICA DE OSAKA" FOI O PRIMEIRO TEMA QUE GRAVARON XUNTOS OS AMIGOS DOS MÚSICOS

especial Carvalho Calero



Cecília

tempo a esquivalas". Unha versión máis dura, cunha distorsión que reflicte a crueza da loita interna que convocan os 32 curtísimos versos de Calero.

A estas, súmase a musicalización máis arriscada de Alfeizar, dúo formado por Américo e Stif, que ofrecen un tema que xoga coa vertixe do ruído, a melodía da guitarra e un home que cantaxa, sobre o que se espreguizan algúns versos recitados por voces case electrónicas.

As incertezas de Europa

Mais non fica atrás en versións outra das representativas líricas do "fillo de Eva", como el se definira, como é "A orquestra filarmónica de Osaka", tirado de *Reticências...* (1986-1889) (Sotelo Blanco, 1990). As súas versións resultan das máis ousadas, a comezar pola que asina A Foice. Esta adaptación traballa coa primeira parte do poema de maneira moi próxima ao *spoken word*, cunha base ecléctica no fondo sobre a que se cospen as palabras de Calero, que se van mesturando, no fondo dun eco múltiple que xoga a polifonía dunhas frases cada vez menos perceptíbeis. O recitado

queda entón prendido na repetición: "matam / coas tuas armas, amam / cos teus beijos, falam coas tuas palabras", que finalmente enuncia en primeira persoa.

Son eses mesmos versos que se retorcen até o extremo na versión que A Foice gravaba con Malvares de Moscoso, actual compoñente de Rebeliom do Inframundo, para un disco de compilación de *Língua Nativa* (2015): "falam coas tuas armas / matan cos teus beijos / aman cas tuas palabras". Unha base moito máis rítmica, mais cunha fluidez eléctrica, se cabe máis escura, que desenvolve unha atmosfera densa na que se integran á perfección as reflexións de Carvalho. Tres *remixes* deste tema darían para tirar un novo *single* que asinaron os artistas galegos Alexandre Villalba e J.CNNR xunto aos chilenos Lluvia Ácida.

Malvares deixaría unha nova imaxe deste poema en colaboración con Tábula Rasa, banda de Soutomaior que ten por premisa a unión de metal e poesía galega. Sobre a base en vivo de guitarras distorsionadas e acrecentando asemade a última parte do poema, recollen en Bandcamp en



Cecília

2017 esta nova alfaia da que se atopan rastros do directo, cando menos, desde 2012. Dun rock pesado, por veces próximo ao *stoner*, sete minutos vibrantes fan un tema con dilatados momentos instrumentais que deixa entrar un corte de música acougada no final, para logo coller de novo forza, ao berro repetido, case tribal, de "Europa".

Porén, a versión máis persoal do tema deixárona Os Amigos dos Músicos, cunha interpretación totalmente libre, que cae do lado dun rock progresivo con reminiscencia floydianas. A letra mantén só uns poucos versos, mais procura desenvolver, desde unha construción nova, unha estrutura que xoga cos mesmos referentes e que traslada as fortes imaxes que hai no poema. Así o explica Arcadio Nóvoa, integrante da banda. De tal maneira, aparece esa orquestra filarmónica que toca con músicos nipóns desde o comezo —"O nacional acolle acordes orientais"— á estrofa con vocación de

retrouso —"E sei que en Bratislava / a sinfonía chega ao final". Con iso, reelaboran o pouso do poema que fala de como "para conseguir a distancia do discurso poscolonial empréganse os recursos da cultura colonizadora", neste caso a Europea, a través da capacidade crítica. Igualmente, aparece o mitolóxico rapto de Europa, "deitada entre areas / deixando ver os brancos peitos de muller". Ese final, "e son 1980", explica Nóvoa, "vén dun verso de Ferrín, que nos encaixaba moi ben coa idea dos vinilos e CD de orquestras que estaban tan de moda na época".

"A orquestra filarmónica de Osaka" foi o primeiro tema que gravaron xuntos Os Amigos dos Músicos. Mais entendéronse ben e foi "o principio dunha longa amizade", na expresión que quedou para a posteridade cinéfila, en diversos traballos máis longos ou máis curtos, que seguen aínda en activo.

Curiosamente, na escolma do texto poético feita polos distintos grupos, hai tres versos que ficaron sempre fóra: "como no curro / dos montes da Barbança os bravos poldros / de esgrêvias crinas, tardos de domar".

Outras pezas

Os temas de Carvalho son case o único rastro que atopamos dalgúns grupos, como As avoas filólogas. O seu "Eu protesto" adapta cun rock dinámico e pegadizo un tema de *Futuro condicional* (1961-1980) (1982), que deixa a pegada da humildade: "O demais nom som piores do que eu som...". Milhomes asinaba "Afas-



PÁXINAS PATROCINADAS

Ataque Escampe deixa unha versión de "Desde o céu com amor".

tado de venus", rap que se basea en "Douscentos mil quilómetros", de *Reticências*, no que Carvalho se expresa cun intimismo culto, que xoga de novo coa mitoloxía grega. "Nom estranhes que o amor / nom te seja propício" é a síntese da aceptación da espera polo amor.

Doutras bandas tivemos ben máis noticias, como o movido rock and roll de The Teta's Van ou o frenético punk dos Esquíos, ambas as dúas xogando con versos de "Luísa Sorriso", poema de *O silencio axionllado* (1934). Tamén Ataque Escampe musicou Carvalho con "Desde o céu com amor", gravado por Marcos Payno. "Pretende ser unha especie de testamento apócrifo", aseguraban, no que Álex Charlón e Miguel Mosqueira cantaban alternándose, desde certa nostalgia mais cun convite a danzar, versos como "calquera lugar é bo para morrer / cando todos están contra ti".

O verme homicida deixou unha versión de "Mulher", de *Anjo de Terra* (1950), que logo recollería no álbum *O rei mukade*. "Automovel", adaptado por Tommy Gun e Leite de Nai; "Todo termina mal", de Avante!; "Jimmy mais eu", de Les Trois de Cora ou "Xadrez sobor lençóis", de Intranxeira completan unha longa listaxe de que non ha demorar moito en sumarse novos elementos, pois xa se anunciou un novo concurso Musicando Carvalho Calero, que terá lugar proximamente, como froito da colaboración da AGAL, de novo, coa CRTVG. Agardaremos impacientes polos fértiles versos musicados que van vir.

OUTRA VERSIÓN DE "MARIA SILÊNCIO" CHEGARÁ AXIÑA DA MAN DE CARMEN PENIM, DENTRO DO PRÓXIMO PROXECTO DE 2NAFRONTEIRA

especial Carvalho Calero

Ricardo Carvalho Calero residiu en Ferrol apenas vinte e nove anos, de 1910 a 1926, de 1931 a 1936 e de 1941 a 1950, este último período ben espíñento. Os longos espazos de tempo lonxe da súa patria nativa débéronse aos seus estudos universitarios, á expatriación involuntaria a conta da sublevación facciosa de 1936 e á guerra subseguinte, á estadía no cárcere como preso político e, dende 1950, á docencia en Lugo e Compostela. Despois, só visitou Ferrol por cuestións familiares, conferencias, homenaxes, e para, a proposta do BNG á corporación municipal, ser nomeado Fillo Predilecto Enxebre de Ferrol o 7 de xaneiro de 1990 na que foi a última viaxe da súa vida. Previamente, en decembro do 1981 e por man da ferrolá SC Medulio, recibira a primeira homenaxe cando xubilado como catedrático. Noutras entregas seguirá indo, coas súas palabras, o seu Ferrol de 1941 en diante.

Texto **Bernardo Máiz Vázquez**


"Aquel que fun e que non fun entóm": Ferrolterra (1910-1936) (I)

1910-1926
Ferrol: "Ao longo do mar espreguizábase a cidade. Primeiro fora unha pequena vila de peixeiros, de balcóns pintados de azul; con tabernas, ruas estreitas e un pazo. Logo, o despotismo ilustrado tendeu novas e longas ruas paralelas cortadas por outras ruas paralelas, todas da mesma anchura, e numerou as mazás de casas. Así xurdiu o centro da cidade, con casas de tres pisos e galerías brancas. A cidade estendíase de leste a oeste, a beira do mar, de sul a norte ficaba en costa. A gente paseaba de leste a oeste. Os estaleiros e os arsenais ficaban afastados da vila por un murallón, e estorbaban á cidade a vista do mar. Só por tres puntos o atingían os que non formaban parte da mariña

de guerra ou non traballaban nas construcións navais. Só por tres puntos: tres peiraos.

A cidade estaba cheia de mariñeiros e soldados. Os desfiles militares eran moi vistosos, pois había triscórnios, cascos e penachos. [...] Daquela non había automóveis, senón coche de cabalos. Non había condución de augas. Había mulleres que arrecadaban en sellas a auga das fontes, en formosas sellas de aros dourados. As ruas estaban enlousadas con grandes lousas, aínda ficaban soportais nalgúns lugares". (RCC, en *O lar de Clara*)

Ferrol Vello: "Aquilo era un barrio cheo de sonidos de cornetas, cornetas do Parque do Arsenal, e de pregóns populares das vendedoras, principalmente das vendedoras de peixe. Na Praza do



"A CIDADE, NA QUE DOMINABA EN XERAL O ELEMENTO MILITAR, OS SOLDADOS, OS MARIÑEIROS, ENCHÍA-SE DE VIDA CAMPESIÑA"

Marqués de San Sadurniño, é dicir, na Praza Vella, celebrábanse certos mercados [...]. Entón a cidade, na que dominaba en xeral o elemento militar, os soldados, os mariñeiros, enchía-se de vida campesiña". (RCC, en Fernán-Vello / Pillado Maior, 1986).

Serantes: "Pasabamos o verán na aldea. O meu pai ía de mañan-ciña traballar á cidade. [...] Non víamos o mar dende o val aquel, mais se subíamos, como as veces o fixemos, ao máis alto da liña de alturas que, a unha e outra banda limitaban o val, o mar aparecía perante os nosos ollos, pois realmente estaba moi próximo. Víamos a cidade, coas súas instalacións militares, e, máis alá do murallón, os arsenais e os estaleiros. Noutra dirección unha ancha praia, cunha lagoa litoral" (RCC en *O lar de Clara*).

A Cabana: "Ja esquecín cantos foron os anos que pasámos naquela casa á beira do mar. Viñamos da cidade en coche de cabalos para instalar-nos nela, e volvíamos do mesmo xeito. Era unha viaxe curta. Mais non o faciamos

especial Carvalho Calero

PÁXINAS PATROCINADAS



Arriba á esquerda, o neno Carvalho Calero na Cabana, en 1919; á dereita, xa mozo con Mugar dos ao fondo (1926-1928). Abaixo, de dereita a esquerda, con Antonio Usero (1931); Carvalho Calero en Ferrol (1933); acompañado de Ignacia na súa cidade natal (1935); e no Centro Enseñanza General (1936).

á xente de poesía galega". (RCC, 1953, inédito).

VIII-1935.- Mitin en Ferrol: Tivo lugar no Teatro Jofre completamente cheo. Deu comezo ás dez e media da mañá. En nome do Grupo orgaizador abriu os discursos o irmán Carballo Calero quen pronunciou breves e concretas verbas. Saúda "aos presentes e a todos os xunguidos a nos pol-o común desexo de superar a actual e inxusta orgaización do estado. Iste saúdo -engade- é especialmente agarimoso para os afiliados aos partidos Socialista e Izquierda Republicana, porque estas dúas agrupacións políticas representan no Ferrol a coalición gubernamental que baixo a dirección de Azaña realizou o único ensayo de República que se ten feito dende o 14 de Abril. Os deputados galeguistas nas constituíntes apoiaron as liñas xeraes a obra do bienio. Cara a situación actual o noso Partido adopta unha postura de oposición. O Galeguismo ten un cauce xurídico dentro da Constitución, pero as forzas que gobernan son nemigas d-ise esprito. Non queremos unha República que sexa un mero fetiche oco, senon unha República de contido republicano". (ANT, nº 362, 14-IX-1935).

"Todo galeguista de aquela época era auto determinista, consideraba que Galiza era unha nación e que, por tanto, tiña dereito a escoller o seu destino" (RCC en Blanco, 1989).

Texto extraído de *O Carballo que fun en Ferrol: aproximación a Ricardo Carvalho Calero*, Club de Prensa de Ferrol, 2020.

máis que ao principio e ao fin da temporada. O meu pai, e calquer persoa da familia que tivese que facer unha visita á cidade, cruzaba a ría en lancha de vapor, bote ou buceta. Un pequeno peirao, próximo á nosa casa alugada, servía de base ás embarcacións que facían a travesía" (ibidem).

1931-1936

"Regresei á miña casa na beira do mar unha vez rematei a carreira de Dereito. Vivía en Ferrol coa miña familia na rua de Sinfiriano López, número 183 [...] o meu encanastrado estudo de estudante, nun cuarto piso da rúa Real. O piso tiña por diante dúas trapelas. Contaba con cinco amplias habitacións, unha galería e un miradoiro con cristalaría por tres lados. Dende alí víanse

"O PEOR QUE LLE PODE PASAR AO GALEGUISMO É CONVERTIRSE NUNHA XUNTANZA DE ESALTADOS VISIONARIOS SEN MÉTODO NEN MESURA"

os arsenáis, a ría e, enfrente, 'a outra banda". (RCC, en Montero Santalha, 1993).

s.d.-1932.- "No grupo [Galeguista] de Ferrol andamos a organizar conferencias, contamos con que veñas ti [del Riego] en primeiro lugar, despois Otero,

Castelao, López Durá". (RCC, en Vilavedra / Pena, 2006).

XI-1932.- "Como saberás pol-a Prensa, xa nos deu Castelao a súa conferencia prometida, e o prestixio do Grupo [Galeguista] continúa medrando". (ibidem).

II-1933.- Aos irmáns del Riego, Tenreiro, Aguiar e demais estudantes galeguistas: "Non é a miña situación presente moi a propósito pra invertir o meu tempo en redactar manifestos, pero craro está que desque hoxe recibín a vosa tarxeta, non estudei nin fixen tal que traballar no encárrago. Efectivamente, agora, ás seis menos cuarto, din por rematada a miña laboura. Ahí vos vai, a volta de correo". (envío do manifesto "Aos escolares, aos Universitarios, aos galegos", (ibidem).

V-1933.- "Ando tan enguedellado con cousas do Axuntamento e tantas outras que non dou feito [...] dispoño de moi pouco tempo, non teño vagar nin cartos, como empregado municipal gaño vinte cinco pesetas nada máis [...] Sobre o asunto de A. nós levamos camiños distintos, gardádevos de seguilo nos seus excesos. O peor que lle pode pasar ao galeguismo é converterse nunha xuntanza de esaltados visionarios sen método nen mesura". (ibidem).

"En fermosos e lonxanos días primaverás Felipe Bello Piñeiro tecía un monllo de froes no seu xardín do Seixo para a dona que conosco o visitaba. Tamén alí, na beiramar frondente, lía unhas verbas en loubanza dun mozo [o propio RCC en 1933] que ía falar

especial Carvalho Calero

"Carballo Calero, que combatera activamente como oficial do exército republicano e que estivera na cadea, nunca proclamou eses méritos".
(Pérez-Barreiro, 2013)

Case rematada a campaña do Estatuto de Autonomía na que fora activísimo actor a prol do "Si", Ricardo Carvalho marchou a Madrid o 26 de xuño do 1936 para opositar a profesor de instituto e alí estaba cando se produciu a sublevación militar-fascista contra o lexítimo réxime republicano, que defendeu combatendo como miliciano e oficial. Na Galiza moitos camaradas e amigos de Carvalho Calero foron asasinados polos alzados, os máis encadeados, outros fuxiron ao exilio. Os que ficaron calaron para sobrevivir.

Texto **Bernardo Máiz Vázquez**



"Aquel que fun e que non fun entóm": Ferrolterra (1936-1950) (II)


Prisioneiro das tropas franquistas en abril do 1939, RCC foi condenado en Jaen a 12 anos de cadea e inhabilitación absoluta, que non foi anulada até 1963: "Eu só souben da dor e ira de Carvalho cando o vin enervarse ca lembranza da aberrante Lei de Responsabilidades Políticas de 1939" (Areceli Herrero, 2010).

Excarcerado en maio do 1941, mais en liberdade vixiada, depurado sen remisión en 1936 no seu traballo no concello de Ferrol, RCC retornou á súa cidade, "debiendo personarse mensualmente en la comisaría de esta ciudad".

Ferrol: "Hai novas bairradas, novas fábricas, novas igrejas. Hai tranvía e automóveis. O murallón estendeuse máis. Se quero ver

o mar dende a súa orela, ja non poden dispor senon dun oco, un so peirao. Hai moitos cines. Os días de festa xa non escintilan os deslumbrantes uniformes. Oficiais e soldados vesten agora doutro xeito, máis singelo, mais esvaído. Choeu-se o cemitério vello, no alto da cidade. A nova necrópole está lonxe e aí que tomar o autobus se se quer visitar. Cuase non fican soportais. Hai moitas casas de cemento. Agaña que chove un pouco, líxan-se de tal xeito que son laidas de ver". (RCC en "O lar de Clara")

[...] "Muitos morreron, mas / non falo agora desses mortos; falo / dos que tiveron que viver morrendo / entre os seus matadores, lendo a imprensa / que de lama os enchera, saudando / as insignias contra as quais militaram. / Como pudemos / viver? E mais



Á esquerda, depuración de Carvalho como funcionario municipal (1936), enriba, Consello de Guerra e condena contra o mesmo.

vivêmos". (Carvalho Calero, 1990) VII-1941.- "Trabajo remunerado no he conseguido hasta la fecha [...] De momento todo es incierto [...] en contacto con el ambiente me parece que las dificultades son mayores de lo que imaginaba [...]. Habida cuenta de que no puedo colegiarme, el poner en marcha actividades docentes solo podría realizarse de una manera precaria y eventual y aún así prosperaría con serias dificultades". (RCC, en Vilavedra / Pena, 2006)

III-1944.- "Por lo que a mi se refiere, profesionalmente mi vida es endiablada, pues en las aborrecidas condiciones ambientales que caracterizan los colegios privados de reconocimiento legal, pongo desvencijada silla, que no digna cátedra, de diversas disciplinas hasta llenar el cupo de

'FALO / DOS QUE TIVERON QUE VIVER MORRENDO / ENTRE OS SEUS MATADORES, LENDO A IMPRENSA / QUE DE LAMA OS ENCHERA'

seis horas señalado por la ley. [...] Respecto a la economía, teniendo en cuenta que mi mujer trabaja otras seis horas y que todas ellas, lo mismo que las mías, son de tercera o cuarta categoría, según la clasificación legal, y que se nos

especial Carvalho Calero

PÁXINAS PATROCINADAS



Na imaxe da esquerda, Ricardo Carvalho Calero coa muller e fillas (1945), abaixo, de esquerda a dereita: Ignacia e Ricardo (1950), Carvalho coa muller e fillas en Ferrol (1959) e, por último, retrato de Calero con Magalí e Chon (1946).



puede descontar, según dicen, o hacen hasta el 12 por 100, y más de nuestro sueldo, son fácilmente calculables". (ibidem).

"Os meus pais decidiron sacarme dos Mercedarios e mandarme a unha academia non relixiosa que estaba a carón da nosa casa. Foi unha sorte, porque aquilo era un refuxio de profesores inhabilitados para funcións oficiais. Algúns deles non podían nin asinar os libros de cualificación, e sempre había algún licenciado non sospeitoso que firmaba por eles. O máis interesante dos inhabilitados era don Ricardo Carballo Calero [...]. O fundamental é que nos transmitiu a idea da cultura viva, da cultura como un mundo polo que se podía circular [...]. Ademais da transmisión dunha parte da

tradición galeguista, fíxome ver que o pensamento tiña unha historia longa e complicada, que a procura da verdade esixe discernimento e argumentación constante [...]. Con Carballo mantiven vinculación admirativa e agradecida dende os meus anos de ensino secundario. Sempre o vin como intelectual antes que nada. Nunca achei no seu galeguismo fervoroso ningunha concesión á falta de lóxica [...]. Vía en Carballo que se podía ser galeguista e intelectual, o que se presentaba era unha tensión entre a emoción e o pensamento, para min iso foi o que me transmitiu Carballo. Pasados moitos anos comprobei que esas dupla lealdade é dificilmente tolerable para os dogmáticos de toda caste. (Pérez-Barreiro, 2013).

SEGUÍA A ESCRIBIR NUNHA LINGUA LITERARIAMENTE PROSCRITA, TEIMANDO NO USO MILITANTE DO IDIOMA PROPIO

Neste tempo, RCC seguía a escribir nunha lingua galega literariamente proscrita, teimando no uso militante do idioma propio. Era "esperar contra toda esperanza".

XII-1948.- "Me hablas de que la editorial Bibliófilos Gallegos con-

voca un concurso para premiar una novela gallega [...]. Desearía vivamente que no se me pasase la ocasión de optar al premio, pues estoy decidido a optar. La obra la tengo hecha y es una novela gallega por la lengua, el tema, el autor y el espíritu [...]. Mi vida non es nada agradable, pues está dominada por la angustia de la penuria y la incertidumbre económica. He llegado a cesar en toda actividad literaria, pues la falta de tiempo y de salida para lo producido son obstáculos insuperables para un escritor. Tanto más cuando tengo acumulados materiales suficientes para servir todos los pedidos que eventualmente se produjesen. Trabajar más ¿Para que? ¿Para satisfacer una íntima necesidad espiritual? Las necesidades materiales de mi vida me prohíben

tener necesidades espirituales. Sería dichoso si pudiese convertir en dinero la prosa o el verso que he ido almacenando. Y si en cualquier momento tienes noticia de alguna ocasión que se presente en tal sentido, te agradeceré que no lo dejes pasar sin comunicármelo. [...] Tengo dos cuadernos de versos, titulado el uno "Anxo de Terra" y el otro "Nos degraos do cruceiro", más una carpeta de pocas poesías sueltas provisionalmente rotulada "Versos de ninguén". Dos cosas de teatro, "O Fillo", dos actos e "Isabel", tres. Esto, amén de la novela de maras, es todo". (ibidem.).

X-1949.- "Sobre mi colocación en el colegio de Fernández [...] ahora me llegan numerosos rumores de Lugo según los cuales cuentan desde luego conmigo [...]. El edificio se está construyendo. Supongo que el colegio funcionará para el año próximo [...]. Entretanto, debo atenerme a mi trabajo en Ferrol, tan ingrato como poco remunerado e inseguro". (ibidem.).

Ao fin, RCC comezou o seu traballo no colexio "de Fernández", o modélico Colexio Fingoi:

X-1950.- "Me encuentro aquí [Lugo] desde el 16, en principio definitivamente [...]. Tengo plena confianza de que el fundador [Antonio Fernández] no retrocederá en sus propósitos".

especial Carvalho Calero

"Cruzando a ría / pola ponte das Pías, se os obreiros de Astano / non cortaron o tráfico, / entrarei en Ferrol, a minha terra. / Se o cortaron, daquela, / hei tomara o caminho antergo, / e pasar por Narom, pé do mosteiro / de Sam Martinho, / polos eidos de Esquíu. / De um jeito ou outro, / hei de entrar no meu povo, / por ver se tropeço / numha rua calquera de Ferrol Velho / -será a de Sam Francisco, a do Socorro- / com o neno que fum e que foi outro; / aquel que fum e que non fum entom / cando eu nom era o velho que hoje som".
(RCC, en *Reticencias*, 1990)

En outubro de 1950 Carvalho Calero marchara de Ferrol a Lugo como conselleiro-delegado e profesor no "Fingoi, o mellor dos colexios posibles" (Ramón Reimonde (2010). En Lugo permaneceu até a súa incorporación en 1965 á docencia en Compostela, e nesta cidade residiu até o seu falecemento en marzo de 1990.

Texto **Bernardo Máiz Vázquez**

"Aquel que fun e que non fun entóm": Ferrolterra (1950-1990) (III)

"Cando eu contaba sete anos, os meus pais planificaron unha viaxe a Lugo para visitar so meu tío Ricardo. Recordo que, a diferenza de outros encontros familiares, aquí percibín moita seriedade, que os adultos falaban de forma circunspecta pero a miña inocencia non alcanzou albiscair máis [...] Co paso dos anos a miña nai contoume cousas do seu irmán, a quen quería, respectaba e admiraba de forma intensa". (Antonio Blanco Carballo, 2020).

"Unha vez, ao escoitar ler a D. Ricardo o comezo do Merlín de Cunqueiro: 'Quizaves mellor que decila fora pintala, a fraga de Esmelle...', fixen un xesto

espontáneo e el comentou: aquí hai unha señorita que coñece un lugar que se chama Esmelle. Non pensei que, el tamén, puidese coñecer a parroquia de Ferrol así chamada. Non falaba de si nin da súa obra". (Delia Vázquez Vázquez, 2010).

Nas décadas 1950-1970 raras veces viaxou Carvalho Calero a Ferrol, mais si colaborou coa revista ferrolá *Aturuxo*, tamén en 1953 redactou un escrito (inédito) en lembranza do pintor d'O Seixo Bello Piñeiro, falecido o ano anterior. Despois a súa primeira visita pública a súa cidade foi para ser nomeado en 1978 Ferrolán do Ano polos periodistas locais, honor que moito o aledou.

Cadrando co inicio da "marxinación e inxusto silencio sobre



do que o seu labor foi obxecto por parte do estamento oficial" (Victoria Carballo-Calero Ramos, 2019), en novembro da 1981 a corporación de Ferrol acordou a reposición honorífica de RCC como funcionario municipal e nese decembro a S.C. Medulio de Ferrol organizou un ciclo de conferencias con presenza de RCC, ofrecéndolle dese xeito a primeira homenaxe pública despois da súa xubilación como catedrático "pola súa fidelidade á causa de recuperar para o seu país a súa propia cultura"; a mesma entidade fixou en 1982 unha placa na súa casa natal. Nos anos seguintes, Carvalho Calero, feliz, acudiu a Ferrol a diferentes acontecementos: xurado no premio Esquíu de poesía en 1982, inauguración da

O DERRADEIRO ACTO PÚBLICO DO PROFESOR CARVALHO CALERO TIVO LUGAR NO SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO DE FERROL

sé do Ateneo en 1983, conferencias en 1985 e 1986 sobre Ferrol nas letras e na cultura galegas, e, finalmente, para ser nomeado Fillo Predilecto de Ferrol:

especial Carvalho Calero

PÁXINAS PATROCINADAS



Enriba, Carvalho Calero e X. M. Dobarro (1981), e entrega do premio 'Ferrolán do ano' (1978). Abaixo, inauguración da sede do Ateneo Ferrolán (1983), exposición de foto antiga de Ferrol (1986), Carvalho Calero saíndo do salón de plenos da súa cidade (1990), e cartaz da homenaxe da SC Medulio ao profesor (1981).



decisivamente o feito de don Ricardo defender que o noso idioma forma parte do sistema lingüístico galego-portugués e máis aló, opción diferente á oficial. Mais tamén pesou, e moito, a súa independencia cívica, a súa exemplar dignidade persoal e a súa coherencia fronte aos que, como el escribiu, o deixaran só, "fundando unha colónia co mesmo nome".

En paralelo, nese tempo medrou o afecto e respecto cara a el entre outros sectores da galegitude, menos institucionais e ben máis dinámicos, coñecedores do inmenso labor poético, narrativo, ensáístico, xornalístico, académico, lingüístico, docente, político..., a prol da Galiza, da nosa lingua e da nosa cultura durante máis de sete décadas por man de tan "esgrévio" galeguista. Por tal, Ricardo Carvalho Calero, un xigante que fora "expulsado do trato respectuoso que por tal merecía", dende o ano 2000 ao 2018 foi proposto como candidato ás Letras Galegas en sete (senón oito) ocasións, en todas rexeitado. Cando, ao fin, a RAG decidiu escollelo para protagonizar as Letras Galegas do 2020, unha peste que nos ten recluídos e illados fai imprescindible prorrogar o Ano Carvalho todo o 2021.

"O derradeiro acto público do profesor Carvalho Calero tivo lugar no salón de plenos da casa do concello de Ferrol o 7 de xaneiro de 1990. En solemne sesión plenaria recibiu o título de Fillo Predilecto da cidade por acordo unánime da corporación municipal presidida, na altura, polo alcalde Manuel Couce Peireiro.

Na súa intervención don Ricardo destacou que 'A corporación municipal, actuando en calidade de consello de familia, tributa hoxe ao máis humilde dos seus fillos a honra de incorporalo á serie daqueles ilustres nados ou aviciñados na nosa cidade, que tanto teñen contribuído a elevar a nosa cultura até límites coñecidos en todo o país'. Carvalho Calero, que se definiu como un

'ferrolán enxebre', xa que naceu no barrio de Ferrol Vello, o primitivo núcleo da cidade, finalizou a súa intervención pedindo aos 'que neste momento e no futuro rexan a corporación municipal, e teñan dalgún modo nas súas mans as chaves do destino da miña querida cidade, sexan capaces de chegar a acordos que lles permitan afrontar os nosos problemas co mesmo espírito de ferrolanía co que, unanimemente, tributaron este honor inmerecido ao máis humilde dos seus fillos'. Nin da súa intervención, vibrante e de espléndida oratoria, nin do baril porte que mantivo durante todo o acto e recepción posterior, podía desprenderse que estaba a padecer unha traizoeira enfermidade". (Xaime Bello Costa, 2020).

O MUNDO ACADÉMICO E OFICIAL TEIMOU EN IGNORAR E MESMO DIFAMAR E ALCUMAR PEXORATIVAMENTE A DON RICARDO

Don Ricardo deixou Ferrol aquel 7 de xaneiro para ser ingresado no Instituto Policlínico A Rosaleda onde faleceu o 25 de marzo.

"Carvalho Calero declarou sempre, con íntimo pracer a até con inocente orgullo, a súa orixe ferrolana, e toda a súa vida seguiu sentindo-se ferrolano, e interesado pola vida da súa cidade nativa. E por iso se sentiu tão honrado de ser nomeado seu fillo predilecto. Também para a cidade, e para os ferrolanos todos (tanto para os nativos como para os que somos adoptivos) a súa figura e a súa lembrança constituem -e constituirán sempre- un motivo de honra". (Montero Santalha, 2010)

No último decenio da súa vida e durante trinta anos despois do seu pasamento, o mundo académico e oficial teimou en ignorar e mesmo difamar e alcumar pexorativamente a don Ricardo. Nesa xenreira influíu

especial Carvalho Calero

Carvalho Calero formou parte do equipo do Seminario de Estudos Galegos que elaborou o documento para sentar as bases dunha Galiza autónoma. A teorización arredor da autonomía estaba orfa dun texto que, sendo político, se construíse en estudos científicos.

O resultado presentouse en maio de 1931.

Texto **Uxío-Breogán Diéguez Cequiel**

Intervención de Carvalho no acto de homenaxe a Castelao organizado pola AGAL (Rianxo, 1986).

Ricardo Carvalho Calero e a autonomía galega (1931-1936)

Un dos máis destacados cadros do nacionalismo



"(...) coa constancia, a emoción e o ledo esprito dos nosos canteiros do Meievo, temos de ir er-ruendo a nosa obra redentora".

R. Carvalho Calero,
xaneiro de 1936

No final da Ditadura de Miguel Primo de Rivera o nacionalismo galego, aglutinado nas Irmandades da Fala (IF), tiña conseguido unha sobrada lexitimidade e solvencia que o levaría a participar, xunto ao republicanismo coruñés, da creación da Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA) en outubro de 1929. Aposta, fundamentalmente do grupo irmandiño coruñés, encabezado por Antón Vilar Ponte; convencidas as IF da posíbel queda monárquica e a proclamación dunha República. Unha oportunidade para ver aprobado un Estatuto de

Autonomía para Galiza, sobre o que escribían os máis destacados cadros das IF nas páxinas de *A Nosa Terra* (ANT).

Entre 1929 e 1931 os nacionalistas galegos participaron de diversos encontros para sentar as bases dunha Galiza autónoma; o que implicaba chegar a alianzas varias co republicanismo español (Pacto de Lestrove e Pacto de Barrantes), retomando as actividades que desde 1923 a ditadura primorriverista reducira á mínima expresión, incluídas as celebracións públicas do Día da Patria Galega (do que sería exemplo o Xantar da Barxa no ano 1930).

A teorización arredor da "Autonomía" galega estaba orfa dun documento que, sendo político, estivera alicerzado en estudos científicos. Por este motivo desde inicios de 1930 o Seminario de Estudos Galegos impulsou unha equipa centrada no estudo do país en chave económica, política

O ANTEPROXECTO DO SEG NON DEIXABA LUGAR A DÚBIDAS EN CHAVE SOBERANISTA: "A GALIZA É UN ESTADO LIBRE DENTRO DA REPÚBLICA FEDERAL ESPAÑOLA"

e xurídica, conformada por Valentín Paz-Andrade, Vicente Risco, Lois Tobío, Ricardo Carvalho Calero e Alexandre Bóveda, integrantes da sección de ciencias sociais, políticas e económicas do SEG. O resultado presentárase en maio de 1931, apenas unhas semanas despois de se proclamar a II República española, baixo o título *Anteproyecto de Estatuto de Autonomía da Galiza*.

Personalidade nacional da Galiza

Un proxecto realizado non para xustificar feitos, afirmaríase Carvalho Calero e os restantes autores na presentación do documento, como a personalidade nacional da Galiza, nen lembrar que a nosa nación foi "... *próspera i-europea antes de realizada a inxusta uniformidade nacional que padecemos, senón [para] saber si (aínda ca vagaxe grandemente gravosa que temos d-herdar d-unhos*

especial Carvalho Calero

PÁXINAS PATROCINADAS



Cedida

cantos séculos de centralismo), o réximen de autonomía integral que propoñemos nos convén, ou non...". O anteproxecto do SEG constaba de sete títulos, sendo o primeiro o intitulado "Do Estado, territorio e cidadáns da Galiza" que encetaba cun artigo primeiro que non deixaba lugar a dúbidas en chave soberanista: "A Galiza é un Estado libre dentro da República Federal Española".

O documento vía a luz nun momento no que a militancia nacionalista xa non confiaba na ORGA para atinxir os seus obxectivos, dada a falta de interese dos republicanos coruñeses, encabezados por Santiago Casares Quiroga, por crear un Estado galego. De tal modo que chegarían por separado esas dúas sensibilidades á asemblea que, por volta do de xuño de 1931, se desenvolvería na Coruña para confrontar as propostas de Estatuto que serían sometidas ao debate dos concellos galegos (nome-

DESDE 1931 OBSERVAMOS COMO CARVALHO CALERO PARTICIPA NA MAIOR PARTE DOS ACTOS DO NACIONALISMO, XUNTO A CASTELAO, BÓVEDA, RISCO OU PLÁCIDO CASTRO

adamente entre o 17 e o 19 de decembro de 1932).

A construción da Autonomía galega

O nacionalismo galego conseguira chegar á proclamación da II República cunha proposta de Estatuto de Autonomía, mais verificara igualmente que as IF (e a súa diversidade e dinámica) tiñan que dar lugar a un partido político, para encarar os retos que abriera o tempo republicano. De tal modo que convocarían para o 5 e 6 de decembro de 1931 a VII *Asamblea Nacionalista*, na que as Irmandades, xunto a algunhas pequenas organizacións nacionalistas, darían lugar ao Partido Galeguista (PG). Unha formación política que pretendía ser hexemónica na Galiza, tal e como se podía ler nas páxinas do primeiro editorial de ANT do ano 1932, voceiro aínda das IF.

Ricardo Carvalho Calero sería un dos representantes do grupo galeguista de Compostela na

assemblea constituínte do PG, entre os que se achaban, entre outros delegados, Manuel Banet Fontenla, Lois Tobío, Sebastián González e Ánxel Casal. E sería Carvalho elixido membro do Comité Executivo do PG, xunto a Castelao, Bóveda. Plácido Castro, Lois Tobío, Ramón Martínez López ou Álvaro de las Casas. O principal obxectivo do PG diante do seu nacemento era conseguir para Galiza un amplo réxime "autonómico", o que pasaba na época pola constitución dun Estado galego integrado nunha República Federal española. Un obxectivo marcado desde o devandito *Anteproyecto de Estatuto de Autonomía da Galiza*.

Desde 1931 observamos como Carvalho Calero participa na maior parte dos actos do nacionalismo galego, xunto a Castelao, Bóveda, Risco ou Plácido Castro, sendo presentado como un dos máis destacados cadros do galeguismo (póndose de relevo nas reseñas de prensa a súa mocidade e valía, dado que contaba con vinte e un anos e viña de se licenciar en Dereito). Tamén sería habitual Carvalho nas páxinas de ANT, nas que reflexionaría sobre a práctica política do nacionalismo e a necesidade da autodeterminación para Galiza. Sería moi elocuente a este respecto un artigo, do 24 de xuño de 1933, no que afirmaría Carvalho Calero que facer parte do PG tería que ser concibido, para alén dun programa teórico ou unha declaración de principios, como "*un xeito, de vel-as cousas, unha conceición do mundo, unha sentimentalidade, un estilo vidal, un tono de conduta, un matiz humano peculiar*" (ANT, nº298). No que atinxe ao proceso autonomista, indicaría como non debía adiarse

o plebiscito do Estatuto, de tal modo que "*aloxar o intre da nosa liberación é amorear xenreiras ao facer imposible a concordia*" (ANT, nº302).

Participación en mitins

Malia que o plebiscito, após a Asemblea de Concellos Pro-Estatuto, estaba marcado para decembro de 1933, a vitoria electoral da Confederación Española de Dereitas Autónomas anulou o devandito proceso. Nas eleccións de febreiro de 1936, nas que o PG participaría da Fronte Popular, Carvalho Calero participaría en numerosos mitins. Centraría o seu discurso, netamente de esquerdas, na importancia de "asegurar" a República e ver aprobado o Estatuto de Autonomía na Galiza. Nun sonado mitin en Vilalba, afirmaría Carvalho que "*as verbas República e Autonomía son sinónimas. Non se pode ser bon republicán non sendo un convencido e firme defensor das autonomías*" (ANT, nº 397).

Tras a conformación do goberno da FP e o relanzamento do proceso autonomista, Carvalho Calero participou no Parlamento español, como secretario, da reunión de deputados e compromisarios que o reactivaría oficialmente o 8 de maio de 1936. E Carvalho, elixido responsábel do PG en Ferrol, fixo parte da nómina de nacionalistas que percorrería o país, intervindo en multitude de actos en favor do Estatuto. A mágoa de non poder votar o 28 de xuño no plebiscito, por ter que partir días antes cara a Madrid (onde opositoría ao corpo de docentes), ficaría superada polo seu compromiso decisivo, intelectual e militante, en favor daquel chanzo central encamiñado á consecución das "liberdades galegas".

Desde a Biblioteca Virtual Galega (BVG), ao carón do Grupo de investigación Lingüística e Literaria Galega (ILLA) e do Laboratorio de Bases de Datos (LBD) da Universidade da Coruña, levouse a cabo unha páxina web que permite achegármonos á traxectoria vital e á obra de Ricardo Carvalho Calero, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2020.

Texto **Carme Fernández Pérez-Sanjuán**

Na Biblioteca Virtual Galega

Unha web para don Ricardo

Para homenaxear a figura de don Ricardo Carvalho Calero e difundir a súa obra neste ano 2020 en que, finalmente, lle foi dedicado o Día das Letras Galegas, desde a Biblioteca Virtual Galega (BVG), vinculada ao Grupo de investigación Lingüística e Literaria Galega (ILLA) e ao Laboratorio de Bases de Datos (LBD) da Universidade da Coruña, decidimos elaborar unha páxina que, concibida como un monográfico, permitise un achegamento non só á traxectoria vital e á obra do autor senón que servise tamén para pór de relevo o impacto, a influencia e, por que non dicilo, a grande admiración que a súa obra ten provocado entre unha enorme parte do público lector galego.

Foi con esta vontade coa que se desenvolveu esta iniciativa que, baixo a miña coordinación, foi

desenvolvida por Uxía García Conde, estudante do grao en Galego e Portugués da Universidade da Coruña, co apoio técnico do LBD e mais co sostén económico da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade da nosa universidade. Contamos, tamén, coa colaboración desinteresada e o asesoramento de persoas como Xoán Costa, M^a Pilar García Negro ou Pilar Pallarés, boas coñecedoras da obra de Carvalho Calero, que nos axudaron na selección de textos ou na procura de datos, así como da de moitas outras que nos fixeron chegar observacións ou referencias que descoñecíamos. É de xustiza deixar constancia do noso agradecemento a todas elas, así como ao Parlamento de Galicia que nos cedeu o fondo fotográfico do autor que alí se conserva.

Concibida cun afán divulgativo e para ser utilizada sobre

todo por un público amplo, esta páxina (<https://carvalhocalero.lbd.org.es/>) non pretende ser un repertorio exhaustivo senón mais ben unha guía que permita a lectoras e lectores interesados chegaren a obter información relevante relativa tanto á propia produción do autor, como aos estudos académicos ou ás producións artísticas contemporáneas elaboradas a partir da súa obra. Noutras palabras, unha porta de acceso ás múltiples fontes de coñecemento existentes sobre o universo carvalhocalero. É por iso que a páxina está chea de hipervínculos a outras fontes de información (outras páxinas monográficas, webs doutras entidades, editoras, repositorios institucionais -como, por exemplo, o RUC da UDC-) que fornecen datos complementares ou que, mesmo, permiten o acceso ao contido completo

A WEB FOI CONCIBIDA CUN AFÁN DIVULGATIVO E PARA SER UTILIZADA SOBRE TODO POR UN PÚBLICO AMPLO

de artigos, cartas ou materiais audiovisuais. Así, sen perder o seu inicial carácter divulgativo, ábrese a outras posibilidades de aproveitamento, ben de carácter académico (como a procura de información bibliográfica), ben didáctico (como repositorio de recursos).

De feito, unha páxina que na súa orixe fora deseñada cuns



especial Carvalho Calero



PÁXINAS PATROCINADAS

Deputación
DA CORUÑA

A Biblioteca Virtual Galega recompila bibliografía de e sobre Carvalho Calero.

Ricardo Carvalho Calero acompañado por Ramón Piñeiro durante unha presentación.



contidos basicamente bio-bibliográficos e pensada para ser utilizada por un público escolar foi medrando e evoluíndo cara a outro tipo de esquema, ao constarmos a amplitude e diversidade da produción, tanto crítica como creadora, vinculada ao seu protagonista. Isto obrigounos a ir modificando a súa estrutura e organización para poder, por un lado, presentar de modo rigoroso o variado conxunto dos estudos sobre a súa obra e, por outro, dar visibilidade á diversidade da produción non vinculada ao formato libro, isto é, imaxes, deseños, vídeos, documentais ou versións musicais.

A páxina, á que tamén se pode acceder a través da BVG (<http://bvg.udc.es/>), disponibiliza información sobre a Biografía e a Obra do insigne profesor nas seccións do mesmo título. No caso de Obra é importante indicar que esta

aparece organizada por xéneros mais que nela se incorpora unha subsección denominada "Varia" onde, para alén das referencias ás antoloxías e recompilacións, se inclúe unha relación das entrevistas e epistolarios até agora publicados. A seguir, na sección de Textos preséntase unha ampla escolma que permite unha primeira achega á súa extensa produción literaria en todos os xéneros: ensaio, poesía, narrativa, teatro e, tamén, oratoria.

A sección de Bibliografía fornece unha completa información sobre os traballos dedicados á análise da obra de Carvalho Calero, agrupados segundo a súa tipoloxía: actas, volumes colectivos, monografías, artigos e capítulos de libro e mais estudos introductorios. Pola súa vez, en Memoria recóllense moitas das iniciativas e homenaxes que, ao longo dos anos, e desde múlti-

A SECCIÓN DE BIBLIOGRAFÍA DÁ INFORMACIÓN SOBRE AS ANÁLISES DA OBRA DO PROFESOR CARVALHO CALERO

plos ámbitos da sociedade, lle foron dedicadas (desde libros a actas de congresos, pasando por exposicións ou outro tipo de recoñecementos, como premios co seu nome ou espazos académicos ou culturais a el dedicados). A Fototeca lévanos a un percorrido visual pola biografía e as actividades do autor homenaxeado antes de entrar na sección de

Mediateca onde atopamos contidos máis diversos. En primeiro lugar, algúns vídeos permítenos escoitar e ver algunhas das súas intervencións en palestras, entrevistas ou debates. A seguir, inclúese unha relación de diversos formatos audiovisuais de carácter documental (coas ligazóns correspondentes para os poder ver). En segundo lugar, ofrécense algunhas mostras das versións musicadas dos poemas de Carvalho e, tamén, algúns exemplos de representacións gráficas (caricaturas, deseños, viñetas...). Por último, en Páxinas de referencia preséntase unha listaxe de páxinas monográficas dedicadas ao autor, listaxe que non pretende ser exhaustiva pois, como todo o contido do noso propio Especial Ricardo Carvalho Calero, está en permanente actualización.

Para finalizar, parécese importante lembrar que a Biblioteca

Virtual Galega (BVG) da Universidade da Coruña, inaugurada o 11 de febreiro de 2002, foi unha iniciativa pioneira desenvolvida por un grupo de traballo interdisciplinar de especialistas en Filoloxía Galego-Portuguesa, dirixido por Laura Tato Fontañá (Grupo ILLA, <http://illa.udc.gal/>), e de Informática, coordinado por Nieves R. Brisaboa (Laboratorio de Bases de Datos, <http://lbd.udc.es/>). A partir de 2007 foi M^a Pilar García Negro quen pasou a dirixir o equipo filolóxico, nunha etapa caracterizada polo case nulo financiamento institucional. Sostida a BVG durante moito tempo practicamente só grazas aos fondos propios do Laboratorio de Bases de Datos e ao traballo voluntario das persoas colaboradoras, o proxecto precisa agora mesmo unha necesaria actualización e posta ao día.

Qualquer pessoa que se achegar à obra de Carvalho Calero, particularmente às suas entrevistas, palestras e artigos jornalísticos, vai ficar surpreendido pela sua precisão, rigor, humildade intelectual e rotundidade. Pareceria que as primeiras não casassem bem com a última. Pareceria também que a imagem que dele temos como um homem "clássico", mesmo de ordem, seria também antitética à de um ativista. Mas esta combinação virtuosa que ele representou não é mais do que a constatação da sua coerência vital entregue a uma causa.

Texto Gonzalo Constenla

Carvalho no ativismo socio-cultural galego contemporâneo

Percurso pela cultura de base e don Ricardo

Asua vida foi ativismo puro. Político na época de pré-guerra e cultural ao longo de toda a sua vida, sempre focado na restauração da identidade nacional. Não é de estranhar que quando a censura e a repressão deixaram certas fendas, Carvalho estivesse aí novamente, nem que, trás a morte do ditador, apoiasse a sua tribo com a sua presença e a sua palavra. Não surpreende vê-lo, sobretudo na década dos anos oitenta, a colaborar com o associacionismo cultural, a rede de inspiração nacionalista que se começara a tecer nos últimos anos da ditadura. Também não surpreende que fosse essa rede quem lhe dera suporte para publicar os seus trabalhos, algo que

lhe negava quem outrora o fizera, o *holding*, trás lhe impor a *excomunhão*, como ele costumava dizer. As merecidas homenagens nacionais, também lhas fizeram sempre os seus.

Na última etapa Carvalho participou e colaborou em múltiplos atos e iniciativas convidado pelas associações de todo o país. Muito frequentemente, chegava acompanhado pela professora Aurora Marco: "Teve uma atividade frenética e estava feliz. Gostava muito de se relacionar com a gente nova e acordar novas consciências para o galeguismo. Entre eles transformava numa pessoa loquaz, alegre e próxima, e engaiolava com o seu saber erudito".

As viagens por toda a Galiza foram uma constante. "Ele já tinha colaborado com várias as-

sociações", relata a sua discípula. "Para o Facho, da Corunha, prologara o curso pioneiro *O Galego Hoje*. Em 1983, em que o Dia das Letras se dedicou a Leiras Pulpeiro, foi convidado a conferenciar na Catavento de Noia, e ali nos reunimos com a sua presidenta, Ana Blanco e com o vice-presidente, Avilés de Taramancos. Acabamos eles os dois e eu recitando poesia, era algo de que ele gostava imenso".

Durante esses anos, Carvalho era reclamado em todo o lado, e não duvidava em acudir, cheio de vontade e ilusão. "Em 82, a Medúlio, Alexandre Bóveda, AGAL, AS-PG, Ateneo da Corunha, e outras muitas que enviaram a sua adesão, organizaram uma homenagem nacional na Corunha que foi muito importante para

CARVALHO ERA RECLAMADO EM TODO O LADO, E NÃO DUVIDAVA EM ACUDIR, CHEIO DE VONTADE E ILUSÃO

ele. Estava muito satisfeito de tal reconhecimento feito pela Galiza viva. Um ano antes fora em Ferrol, na Medúlio. E nesse mesmo ano tanto a Associação de Escritores em Língua Galega como a Associação Galega da Língua fazem-no membro de honra.



Arquivo PG



Nós Diário

especial Carvalho Calero

PÁXINAS PATROCINADAS



Arriba, tributo a Castelao, na vila natal, organizado pola AGAL (1986). Na imaxe: Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán-Vello, Carvalho Calero, Jenaro Marinho e José-Maria Monterroso Devesa. Abaixo, o autor homenaxeado no Día das Letras arroupado en diferentes eventos con, entre outros, Antón Avilés de Taramancos.



Arquivo Aurora Marco

De igual modo, a revista *O Ensino*, em 87, publicou um número duplo na sua honra, em que ele também colaborou", relata Aurora Marco. Também em 1987, o professor abria o Simpósio de Literatura Galega Estradense, organizado pela Associação Cultural A Estrada.

Com a Associação Sócio-Pedagógica Galega teve também uma relação ininterrompida desde a sua criação até a sua morte. "Participou no primeiro ciclo de conferências organizado pela AS-PG, Problemática das línguas sem normalizar. Situação do galego e alternativas, pelo 1978. Carvalho fechara o ato com a conferência 'A fortuna histórica do galego', na Aula Magna da Faculdade de Económicas. As mais de 500 pessoas assistentes deram tão com-

prida ovação que soava a gratidão e, também, a homenagem a uma trajetória firme na defesa do idioma", explica o ex-presidente da entidade, Alberte Ansedo.

A AS-PG fora também uma das associações convocantes do Encontro sobre o estado atual da normalização linguística em 1986 em Compostela, depois do qual se constituiu a atual Mesa Pela Normalização Linguística, junto da Associação de Escritores em Língua Galega, Federação de Associações Culturais Galegas, Associação Galega da Língua e Coletivo de Professores Promotores do Manifesto. E ali estava também Carvalho, patrocinando a nova iniciativa e fazendo o ato de encerramento.

O ilustre professor também colaborou noutro projeto com a AS-

COM A AS-PG TEVE UMA RELAÇÃO ININTERROMPIDA DESDE A SUA CRIAÇÃO ATÉ A SUA MORTE

PG, o ciclo Literaturas do âmbito linguístico galego-português-brasileiro, acompanhado, entre outros, por Pilar Vázquez Cuesta. "A sua disposição incondicional a participar em qualquer das atividades que se lhe propunham —lembra Ansedo— só encontrava

um limite: arranjar o deslocamento por não dispor de carro. Por isso multiplicaram-se as ocasiões em que esteve presente, particularmente nas Jornadas do Ensino que anualmente se organizavam (e continuam a organizar) para o professorado."

Foi também decisão da AS-PG realizar a gravação de uma entrevista encarregada a Francisco Salinas à que ele acedeu, mais uma vez, sem reparos. Carvalho já não chegou a tempo para corrigir as provas do livro. "Mais tarde, em 1991, A Nossa Terra em coprodução com a AS-PG, publicou o vídeo *Carvalho Calero, a possibilidade de retificar a História*, com guião de Francisco Rodríguez, que recolheu muitos fragmentos da que seria a sua última grande entrevista", relata Ansedo.

A sua relação e colaboração total com a Associação Galega da Língua foi também verdadeiramente intensa, desde o momento da sua fundação "que se converteria nos anos sucessivos no seu círculo de companhia mais querido, por ele considerado como uma espécie de testamenteiro dos seus ideais linguísticos. Ele copresidiu os dois primeiros congressos da língua organizados pela AGAL em 1984 e 1987 respetivamente", aponta Montero Santalha na biografia que preparou para o site da associação, *carvalho2020.gal*.

A AGAL botara-se a andar em 1981 em Compostela e nela colaboraram estudantes universitários. Um deles, Bernardo Penabade, que chegaria a ser o seu presidente, entrou em contacto com o grupo composto por estudantes e professorado universitário que se integrou na associação. "Carvalho colaborava enviando textos a toda a entidade que lho pedisse. Eu mesmo tenho mediado para o envio de artigos a revistas locais mesmo tipo fanzine", como *Olláparo*, da Sociedade Cultural Chirlateira de Cedeira. "O primeiro evento em que eu colaborei foi no lançamento do livro *Letras Galegas*, em 1984. Ele soube-o e desde esse dia sempre o teve em conta. Por isso nos apoiou nos grandes eventos que organizamos no Campus, como o Encontro de Didática e os cursos do Burgo, de onde saíra uma grande parte da gente de prática reintegracionista de hoje".